

Parálizanse as mobilizacións de comercio vario da Coruña ante a constitución da Mesa Negociadora



[1]

Tras das mobilizacións realizadas pola CIG, CCOO e UGT no sector de comercio vario da provincia da Coruña parálizanse as previstas para os seguintes días, ante a convocatoria realizada polas patronais do comercio para a constitución da mesa negociadora do convenio provincial para o día 21 deste mes de novembro.
16/11/17.

CIG, CCOO e UGT denunciaron o convenio para o volver negociar xa que finalizara a súa vixencia en decembro de 2015. Porén, ningunha das asociacións patronais afectadas quixera até o de agora sentar a negociar. Un "bloqueo" que impedía constituír a mesa mesmo desoíndo a solicitude de mediación tramitada a través do Consello Galego de Relacións Laborais.

Isto levou a convocar mobilizacións porque este convenio só ten ultraactividade até o 30 de xuño de 2018 o que implicaría a súa desaparición de non se asinar un novo e que todas as traballadoras e traballadores do sector pasaran a se rexer polas condicións laborais e salariais básicas contempladas no Estatuto dos/as Traballadores/as.

Este primeiro paso permite desatascar a negociación e as organizacións sindicais insistirán, en diante, até conseguir a firma dun novo convenio.

Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>